

EUROS**B) Autobuses:**

De menos de 21 prazas	95,80
De 21 a 50 prazas	136,44
De mais de 50 prazas	170,55

C) Camións:

De menos de 1000 kgrs. De carga útil	48,62
De 1000 a 2999 kgrs. de carga útil	95,80
De 2999 a 9999 kgrs. de carga útil	136,44
De mais de 9999 kgrs. de carga útil	170,55

D) Tractores:

De menos de 16 cabalos fiscais	20,32
De 16 a 25 cabalos fiscais	31,94
De mais de 25 cabalos fiscais	95,80

E) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1000 e mais de 750 kgrs de carga útil	20,32
De 1000 a 2999 kgrs de carga útil	31,94
De mais de 2999 kgrs de carga útil	95,80

F) Vehículos:

Ciclomotores	5,08
Motocicletas ata 125 cc	5,08
Motocicletas de mais de 125 cc ata 250 cc.	8,71
Motocicletas de mais de 250 cc ata 500 cc.	17,42
Motocicletas de mais de 500 cc ata 1000 cc.	34,83
Motocicletas de mais de 1000 cc.	69,67

ARTIGO 6.—XESTIÓN

Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o imposto xestionarse mediante o sistema de Padrón anual que se notificará de modo colectivo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xera Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorridos os prazos que sinala o artigo 17 do RDL 2/2004 TRLRFL, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)**ARTIGO 1º**

De acordo co establecido nos artigos 59.b do RDL 02/2004 do 05.03 (T.R.L.R.F.L.) texto refundido lei reguladora de facendas locais e disposicións regulamentarias que as desenvolven, este imposto será de esixencia obrigatoria neste municipio, sendo as cotas mínimas as establecidas pola Lei 22/1993, do 20.12, de medidas fiscais..., e as sucesivas leis do orzamento xeral do estado.

ARTIGO 2º

En aplicación do artigo 87 do RDL 2/2004 (T.R.L.R.F.L.) da Lei 39/88, as cotas ás que se refire o devandito artigo serán determinadas mediante aplicación sobre as mesmas dun coeficiente único do 0,8.

ARTIGO 3º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Bonificación do 40% durante os 5 primeiros anos, da cota tributaria integrada pola cota de tarifa modificada, no seu caso, pola aplicación do coeficiente e do índice de situación, para aqueles que inicien calquera actividade empresarial e tributen por cota mínima municipal, e sempre que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade.

Ídem. anterior, e que obtiveran a cualificación de ILE expedida pola Xunta de Galicia, a bonificación da cota tributaria será do 50%.

Carácter rogado da bonificación, que se tramitará a petición de parte interesada ante este concello e cun prazo mínimo de 15 días antes do inicio da actividade.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo que sinala o artigo 17 do RDL 2/2004 TRLRFL, dende o día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA DA TAXA POLA APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSO ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CANOS, CONDUCIÓNS E OUTRAS INSTALACIÓNS, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓNS DE PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA

(Modifícase ó seu Anexo)

1.—A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

1.1.— Pola apertura feita na calzada, beirarrúa ou calquera outros bens do dominio público municipal esixírase por cada metro cadrado ou fracción ó día: